

I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa

Psicoloxía educativa, sempre emocionando



Janira

I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa

Psicoloxía educativa, sempre emocionando



30 setembro - 1 outubro de 2022



Facultade de Psicoloxía
da Universidade de Santiago de Compostela



xornadaspsicologiaeducativa.copgalicia.gal
copgalicia@copgalicia.gal

ORGANIZA



COLABORA



FACULTADE DE PSICOLOXIA



Consejo General
de la Psicología
ESPAÑA

PRESENTACIÓN

Entre o 30 de setembro e o 1 de outubro de 2022, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza as I Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa “Psicoloxía educativa, sempre emocionando”.

A Psicoloxía Educativa é clave para o desenvolvemento das competencias dos procesos educativos ao longo de todo o ciclo vital.

Exercemos a nosa actividade a través de múltiples funcións de prevención, avaliación, diagnóstico e tratamento do desenvolvemento psicolóxico nos contextos educativos: centros, consultas e gabinetes privados, asociacións, equipos da administración pública...


Desde a nosa perspectiva temos presente o binomio aprendizaxe/emoción, tanto a través de estudos e investigacións como desde a psicoloxía aplicada, e desde o Comité Organizador así o queremos trasladar neste encontro no que nos enriqueceremos profesionalmente.

Nestas xornadas pretendemos visibilizar a necesidade de contar con profesionais da Psicoloxía Educativa e a súa utilidade. Non só é unha demanda da comunidade educativa senón que a sociedade no seu conxunto está a demandar psicólogos e psicólogas expertas para o acompañamento emocional dos menores nunha complexa conxuntura social.

Esperamos un frutífero intercambio profesional coa vosa participación.

COMITÉ ORGANIZADOR

- M^a Rosa Álvarez Prada, G-1173. **Presidenta das Xornadas.**
- Manuela del Palacio García, G-3628. **Presidenta do Comité Organizador.**
- Hipólito Puente Carracedo, G-0313.
- Olegaria Mosqueda Bueno, G-1024.
- Ana M^a Ulloa Lage, G-1118.
- M^a Asunción Teijeira Bautista, G-1246.
- Carolina Tinajero Vacas, G-1467
- Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, G-1540.
- Concepción López Martín, G-2981.
- M^a Begoña Castro Iglesias, G-3093.
- Nuria Lago Fernández, G-3639.
- M^a José Sampedro Vizcaya, G-6525.
- Pilar Calvo Pascual, R-0021.



PROGRAMA

VENRES, 30 DE SETEMBRO DE 2022

15:30 Entrega da Documentación.

16:00 Acto inaugural.

16:30 Conferencia inaugural: "Sen saúde psicolóxica non hai oportunidades educativas".

17:45 *Pilar Calvo Pascual. Coordinadora da División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología.*

DESCANSO

18:15 Simposio: "Escoitando as emocións na toma de decisións".

- 19:15
- *Carolina Tinajero Vacas. Profesora na Universidade de Santiago de Compostela.*
 - *Noelia Guerra Ferreiroa. Orientadora laboral.*
 - *Florentina Rivadulla Taboada. Psicóloga educativa e orientadora.*

Coordina: M^a Begoña Castro Iglesias.

19:15 Conferencia.

20:30 *Angel María Carracedo Álvarez. Catedrático en Medicina Legal, investigador e experto internacional en xenética.*

SÁBADO 1 DE OUTUBRO DE 2022 - MAÑÁ

9:30 Conferencia "O camiño invisible da desmotivación escolar".

10:45 *Hipólito Puente Carracedo. Doutor en Psicoloxía Educativa e membro da División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología.*

10:45 Simposio: Educación emocional e sexual.

- 12:00
- *María Lameiras Fernández. Profesora na Universidade de Vigo.*
 - *Penélope Alonso Vázquez. Psicóloga, sexóloga, especialista en asesoramento e terapia sexolóxica.*
 - *Ianire Estébanez Vázquez. Psicóloga experta en prevención de violencia de xénero entre xóvenes.*

Coordina: M^a Asunción Teijeira Bautista.

DESCANSO

12:30 Conferencia "Tecnoloxía e novas adicións na infancia e na adolescencia: Saúde, convivencia e responsabilidade social".

13:45 *Antonio Rial Boubeta. Profesor na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.*

PROGRAMA

SÁBADO 1 DE OUTUBRO DE 2022 - TARDE

16:00

Obradoiros (a escoller).

18:00

- *"Sen emocións non hai mediación"*. Ana M^a Ulloa Lage.
- *"Espectro Autista: apoio ó benestar emocional na escola"*. Marlene Horna Castiñeiras.
- *Atención Psicolóxica ante incidentes críticos en centros educativos"*. Olegaria Mosqueda Bueno e Concepción López Martín.
- *"Pílulas de supervivencia emocional para psicólogos/as"*. Iria Calleja Barcia e Carla Teixeira Lago.

18:00

Entrega de premios de pósteres.
Conclusións e acto de clausura.

- *Pilar Calvo Pascual*. Coordinadora da División de Psicoloxía e Saúde do Consejo General de la Psicología de España.
- *Manuela del Palacio García*. Presidenta do Comité Organizador.
- *M^a José Sampedro Vizcaya*. Decana da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

MODALIDADES



PRESENCIAL:

Facultade de Psicoloxía
da Universidade de Santiago de Compostela



TELEMÁTICA

A través de videoconferencia (Zoom).

**(Na modalidade telemática non están incluídos os obradoiros, que só se ofrecen de xeito presencial).*

COMUNICACIÓNS LIBRES

BASES PARA A PRESENTACIÓN DAS COMUNICACIÓNS LIBRES

Presentación de comunicacións libres

Os traballos poderán presentarse en calquera dos idiomas oficiais das Xornadas (galego, castelán e portugués) ata o 1 de xullo de 2022. Deberase indicar se se desexa optar a premio.

A modalidade de presentación será a de comunicación escrita (póster): O póster terá unha dimensión máxima de 90 x 120 cm (formato vertical). Os /As autores/as poderán achegar o día das Xornadas copias impresas en formato A4 para a súa distribución.

Os pósteres serán expostos en formato dixital no espazo de celebración das Xornadas.

Entregarase un certificado de presentación de comunicación escrita con tantas copias como autores/as figuren nel.

Temática

Aceptaranse traballos centrados nalgún tópico relacionado coa psicoloxía educativa. Poderán tratarse de investigacións orixinais, estudos de casos, deseño ou validación de instrumentos de avaliación, proxectos de intervención psicolóxica, exposición de modelos teóricos ou traballos de revisión.

Normas de presentación

Os resumos remitiranse mediante o [formulario de envío](#) e terán unha extensión de entre 250 e 300 palabras, debendo facer constar ata un máximo de cinco palabras-chave. Deberá incluír información relativa á introdución, obxectivos, método, resultados e discusión ou conclusións. Non se poderán inserir táboas nin figuras no resumo. Para presentar un traballo é requisito imprescindible que cando menos un dos autores ou autoras estea inscrito/a nas Xornadas. Se un traballo non é aceptado, poderase solicitar a devolución do 100% das taxas de inscrición.

Ningún autor nin autora poderá figurar en máis de 3 traballos.

Premios

Poderase optar a premio; o comité organizador seleccionará o mellor traballo en función da súa calidade, orixinalidade e riqueza expositiva e dará a coñecer o traballo gañador no transcurso das Xornadas. Establécese un premio de 250 euros e a organización das Xornadas estenderá un diploma acreditativo. O premio poderá declararse deserto.

INSCRICIÓN

O prazo de inscrición remata o 20 de setembro.

MODALIDADE PRESENCIAL

	ATA O 2 DE SETEMBRO	DO 3 DE SETEMBRO EN DIANTE
Psicólogos/as colexiados/as	50 €	70 €
Estudantes (Grao, Máster, Doutoramento)	30 €	40 €
Colexiados/as en desemprego	30 €	40 €
Psicólogos/as non colexiados/as	70 €	90 €

MODALIDADE ONLINE

	ATA O 2 DE SETEMBRO	DO 3 DE SETEMBRO EN DIANTE
Psicólogos/as colexiados/as	45 €	65 €
Estudantes (Grao, Máster, Doutoramento)	25 €	35 €
Colexiados/as en desemprego	25 €	35 €
Psicólogos/as non colexiados/as	65 €	85 €

A inscrición pode realizarse a través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA, ou a través da [sede electrónica do COPG](#).

- Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.
- As Xornadas terán un mínimo de asistentes, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.
- Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.
- Entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da sesión.
- Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.
- Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase o informe de situación administrativa actual ou informe de demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Para as tarifas de estudante achegarase copia da matriculación no curso actual.
- **Último día de inscrición:** 20 de setembro de 2022.

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

Para a túa inscrición envía este boletín, xunto coa copia da transferencia bancaria, no seu caso, a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN N° ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA, ao enderezo de correo electrónico do COPG copgalicia@copgalicia.gal antes do 20 de setembro de 2022 ou a través da sede electrónica do COPG.

NOME E APELIDOS

.....

DNI / NIE: PROFESIÓN

ENDEREZO:

CP: POBOACIÓN: PROVINCIA:

TELÉFONO: E-MAIL:

Selecciona o tipo de inscrición: PRESENCIAL ONLINE

COLEXIADO/A (N°

ESTUDANTE DE 4º DE GRAO DE PSICOLOXÍA

(cómpre achegar documento acreditativo)

COLEXIADO/A EN DESEMPREGO

PSICÓLOGO/A NON COLEXIADO/A

OBRADOIRO NO QUE SOLICITAS INSCRIPCIÓN:

Sen emocións non hai mediación

Espectro autista: apoio ao benestar emocional na escola

Atención Psicolóxica ante incidentes críticos en centros educativos

Pílulas de supervivencia emocional para psicólogos/as

SOLICITO FACTURA (Achegar datos fiscais)

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, A Coruña, con teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente os conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular, opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acom-pañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informá-moslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz (contacto: 981894601, copgalicia@copgalicia.gal). Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na web www.copgalicia.gal